



Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional

En Santiago de Compostela, seis de outubro de dous mil dezaseis

REUNIDOS

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

E don Alfonso Sánchez Izquierdo, director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. con enderezo social no Centro Emisor de San Marcos, sen número, Santiago de Compostela, nomeado para o devandito cargo por Acordo de 4 de xaneiro de 2016 do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. en virtude das competencias e funcións atribuídas polo artigo 26 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, e polo artigo 22 dos estatutos sociais.

Ambos interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,



EXPOÑEN

1. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación determina no artigo 39, no apartado 2, que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar os alumnos e as alumnas para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación as modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática.

Igualmente contempla, no apartado 2 do artigo 42, que o currículo das ensinanzas de formación profesional incluírá unha fase de formación práctica nos centros de traballo, da que poderán quedar exentos/as os/as que acrediten unha experiencia laboral que se corresponda cos estudos profesionais cursados. As Administracións educativas regularán esta fase e a mencionada exención.

2. Que a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificación e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas. Con este fin créase o Sistema Nacional das Cualificacións e da Formación Profesional, e no seu marco orientaranse as accións formativas programadas e desenvolvidas en coordinación coas políticas activas de emprego e de fomento da libre circulación de traballadores.

3. Que o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, na súa disposición adicional segunda, contempla a relación coas empresas nos seguintes aspectos:

- a. A consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresarias e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes.
- b. Esta colaboración ten a seguinte finalidade:
 - Realización do módulo de formación en centros de traballo.
 - Impartición de módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional ou módulos formativos incluídos en certificados de profesionalidade nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais.



- Uso polas empresas das instalacións e do equipamento dos centros, nas condicións que se determine, sempre que non interfiran no desenvolvemento das actividades docentes.
 - Actualización profesional dos traballadores e as traballadoras, así como do profesorado. Esta formación poderá incluír estadias temporais do profesorado nas empresas, tanto para a formación dos seus traballadores e das súas traballadoras como para a actualización do profesorado.
 - A validación das accións de formación desenvolvidas nas empresas, de acordo cos requisitos que se establezan, co fin de lles facilitar aos seus traballadores e ás súas traballadoras a obtención dun título de formación profesional.
 - Desenvolvemento conxunto de proxectos de innovación.
- c. A colaboración formalizarase mediante convenio.

4. Que a importancia que a comunicación ten na sociedade actual, xa sexa como medio de información ou como medio de difusión cultural, fai preciso a cualificación de profesionais capaces de dominar a complexa e cambiante tecnoloxía que permita afrontar as necesidades que demanda a sociedade actual.

5. Que as partes asinantes están dispostas a colaborar nas diferentes actuacións, previstas neste convenio, co obxectivo principal de adecuar a formación ás necesidades da Corporación Radio e Televisión de Galicia, promover a inserción laboral do alumnado e impulsar a formación profesional que se imparte en Galicia.

En consecuencia, as entidades asinantes, de conformidade co exposto, formalizan o presente convenio de colaboración no campo da formación e da aprendizaxe de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer a colaboración no eido da formación profesional entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Corporación Radio e Televisión de Galicia. Esta colaboración levarase a cabo nos seguintes campos de actuación:



- a. Establecemento dun programa de formación en centros de traballo, para o alumnado que curse formación profesional inicial e o desenvolvemento do mesmo nas instalacións da Corporación Radio e Televisión de Galicia.
- b. Orientación na formación e actualización do profesorado dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- c. Obtención de titulacións de formación profesional e certificados de profesionalidade por parte dos/as traballadores/as da Corporación Radio e Televisión de Galicia, dentro do Plan de recoñecemento da experiencia profesional que desenvolve a consellería.
- d. Impulso dun sistema de formación profesional dual entendida como un conxunto de accións e iniciativas formativas, mixtas de emprego e formación, que teñen por obxecto a cualificación profesional do alumnado nun réxime de actividade laboral nas empresas, que favoreza e complemente a adquisición das competencias profesionais do alumnado, coa actividade formativa recibida no centro educativo.
- e. Desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da formación profesional nos centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- f. Cesión de equipamentos para a realización de prácticas nos centros de formación profesional, previa tramitación do correspondente expediente.
- g. Promoción e difusión das ensinanzas de formación profesional pola Corporación Radio e Televisión de Galicia.
- h. Calquera outra colaboración de interese para ambas partes, emprendemento, prevención de riscos laborais, etc.

Segunda. Programa de formación en centros de traballo

Os centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que impartan ensinanzas de formación profesional determinarán, por escrito, o alumnado que vaia realizar o módulo de formación en centros de traballo nas instalacións da Corporación Radio e Televisión de Galicia para cada curso escolar e de acordo coas estipulacións previstas neste convenio. Neste documento, determinarase o seu calendario e o seu horario, que terá que axustarse ao previsto no correspondente módulo (FCT).

O centro de traballo responsabilizarase da formación do alumnado, para o que designará aos/ás titores/as responsables de cada área formativa. O centro educativo tamén designará un/ha



titor/a ou titores/as que colaborarán co titor/a da Corporación Radio e Televisión de Galicia na elaboración do programa formativo e no apoio técnico ao alumnado.

O/a alumno/a asistirá ao centro de traballo provisto da súa tarxeta de identificación ou D.N.I., e observará as normas do centro de traballo no tocante á puntualidade, asistencia e comportamento. A Corporación Radio e Televisión de Galicia poderá desistir libremente de continuar a colaboración formativa, respecto de calquera alumno/a, por incumprimento das normas, abondando para iso unha comunicación escrita ao centro escolar, oído previamente o/a titor/a do mesmo.

O/a alumno/a non terá en ningún caso vinculación laboral coa empresa, non podendo establecerse entre esta e aquel/a ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contratos formativos, previstos no artigo 11 do Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, polo que o alumnado acollido a este convenio queda absolutamente excluído da lexislación laboral. Durante o período de prácticas concertado non se poderá formalizar ningunha modalidade de contrato de traballo entre a Corporación Radio e Televisión de Galicia e o/a alumno/a, mentres non se revoque expresamente o concerto de colaboración formativa entre o centro educativo e a dirección da empresa, respecto dese/a alumno/a.

Os riscos por accidentes de traballo derivados da realización das prácticas, tanto se afectan ás cousas ou a terceiros coma ao propio alumno, incluídos os constitutivos de invalidez ou determinantes de morte, quedan cubertos por unha póliza de seguro colectivo adicional de carácter civil que ten subscrita a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Terceira. Formación e actualización do profesorado

A proposta dunha das partes implicadas poderanse organizar cursos, seminarios, estudos, etc., sobre temas referentes ás actividades propias da Corporación Radio e Televisión de Galicia de común interese, tanto para persoal específico desta, dentro das súas posibilidades, como da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A tal fin, a Corporación Radio e Televisión de Galicia colaborará, mediante o oportuno apoio técnico e loxístico, no programa de formación do profesorado e máis concretamente nas estancias en empresas por tempo definido, para o profesorado de formación profesional e segundo as necesidades de formación, previstas na convocatoria de estadias en empresas que anualmente promove a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



A Corporación Radio e Televisión de Galicia colaborará na formación e actualización do profesorado dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, naquelas técnicas e tecnoloxías que se consideren de interese, e especialmente colaborará na obtención do título de especialización didáctica previsto para o profesorado de formación profesional inicial conforme ao Real decreto 118/2004, do 23 de xaneiro (BOE 4/02/2004), modificado polo Real decreto 1258/2005, do 21 de outubro (BOE 8/11/2005).

Cuarta. Plan de recoñecemento da experiencia profesional dos/as traballadores/as da Corporación Radio e Televisión de Galicia.

Dentro do Plan de recoñecemento da experiencia profesional, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria analizará coa Corporación Radio e Televisión de Galicia as necesidades de acreditación da experiencia profesional dos/as traballadores/as das súas empresas asociadas e realizará as convocatorias que se acorden.

Quinta. Impulso ao sistema de formación profesional dual

A Corporación Radio e Televisión de Galicia valorará as posibilidades de pór en funcionamento proxectos de formación profesional dual que complemente e favoreza a adquisición das competencias profesionais do alumnado nun réxime dual de actividade laboral na corporación e de formación no centro educativo. Todo isto co obxecto dunha mellor e máis adaptada cualificación profesional do alumnado de formación profesional ás necesidades das empresas.

Sexta. Desenvolvemento de proxectos de innovación

Dentro das iniciativas de innovación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria promoveranse actuacións conxuntas da consellería e da Corporación Radio e Televisión de Galicia, tanto no desenvolvemento de proxectos de innovación nos centros educativos de formación profesional como en calquera outra iniciativa que potencie a transferencia de coñecemento e procure a calidade e a excelencia na formación profesional.

Sétima. Cesión de equipamentos

Como soporte práctico ás actividades de formación do alumnado, a Corporación Radio e Televisión de Galicia poderá ceder, en función da súa dispoñibilidade, aos centros educativos



dependentes da consellería aqueles equipos reutilizables e axeitados para conseguir mediante o seu estudo un profundo coñecemento da súa tecnoloxía básica.

Oitava. Promoción e difusión das ensinanzas de formación profesional

A Corporación Radio e Televisión de Galicia prestará atención en función das súas necesidades de programación á promoción e difusión da formación profesional a través dos seus medios audiovisuais propios.

En cada caso decidirse a colaboración axeitada para a acción ou iniciativa concreta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, contando cos medios e posibilidades da Corporación Radio e Televisión de Galicia. Enténdense concretamente nesta colaboración a posibilidade de realizar entrevistas e prestar atención e cobertura a todos aqueles aspectos relacionados coa formación profesional, e todos aqueles aspectos formativos relacionados coa cualificación dos futuros profesionais de Galicia, co fin de trasladar á sociedade galega información útil e imparcial sobre os plans de actuación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sempre atendendo á actualidade informativa e ás necesidades de programación da TVG.

Novena. Outras colaboracións entre centros educativos e a Corporación Radio e Televisión de Galicia

Establecemento de liñas de colaboración entre os centros que impartan formación profesional e a Corporación Radio e Televisión de Galicia para a:

- Promoción do emprendemento entre o alumnado, xa sexa a través de charlas sobre as experiencias da mocidade emprendedora, como de calquera outra iniciativa.
- Colaboración coa consellería no plan de prevención de riscos específicos nos centros de formación profesional.
- Organización dun programa de visitas á Corporación Radio e Televisión de Galicia dirixido ao alumnado de educación secundaria, dos centros educativos de Galicia, co fin de estimular a formación profesional entre o alumnado. Estas visitas incluírán sesións de orientación e presentación da corporación.

Décima. Cuestións adicionais

Este convenio de colaboración poderá ser complementado coa sinatura das respectivas addendas que desenvolvan calquera dos apartados que se relacionan na cláusula primeira.



Décimo primeira. Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación contractual algunha entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e os/as profesionais que realicen as actividades que constitúen o obxecto do presente convenio, de tal xeito que non se lle poderá esixir á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria responsabilidade nin directa nin subsidiaria polos actos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

Décimo segunda. Comisión de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída por:

- a. Tres representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, un/ha dos/as cales actuará como presidente/a.
- b. Tres representantes da Corporación Radio e Televisión de Galicia.
- c. Un/ha funcionario/a da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que actuará como secretario/a.

Décimo terceira. Vixencia do convenio

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á finalización do período de vixencia do convenio.

Décimo cuarta. Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e co Real decreto 1720/2007 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei orgánica, o alumnado e a corporación que por razón das actividades formativas teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Décimo quinta. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei



1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo sexta. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto no artigo 4.1 e 2 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Lido o presente convenio, o atopan conforme e o asinan, no lugar e data indicados no encabezamento.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O director xeral da Corporación Radio e
Televisión de Galicia, S.A.

Román Rodríguez González

Alfonso Sánchez Izquierdo